



BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL QUE SERÁ CONTRATADO AO AMPARO DA LIÑA 3. EMPREGO. PLAN CONCELLOS 2021

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección do persoal que será contratado con cargo ás axudas concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra ao Concello de Moaña dentro da liña 3. Emprego, do Plan Concellos 2021.

En todo caso a selección de persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego de Cangas.

As contratacións realizaranse a xornada parcial de 32,5 horas semanais.

Os postos de traballo a cubrir, así como os salarios e a duración dos contratos son os que se indican na seguinte táboa:

Convocatoria xeral de postos:

CATEGORIA PROFESIONAL	SALARIO BRUTO MENSUAL	Nº TRAB.	Nº MESES
OFICIAL FONTANEIRO	1.703,39	1	3
OFICIAL ELECTRICISTA	1.703,39	1	3
PEÓN OBRA PUBLICA	1.314,49	4	6
PEÓN ESPECIALISTA MEDIOAMBIENTE - FORESTAL	1.483,83	2	6
PEÓN MEDIOAMBIENTE-FORESTAL	1.314,49	4	6
PEÓN ESPECIALISTA XARDINEIRO	1.483,83	3	6
AXUDANTE XARDINEIRO	1.314,49	4	6
LIMPADOR/A PARQUES	1.268,34	3	9
LIMPADOR/A EDIFICIOS E LOCAIS	1.268,34	7	9
CONSERXE Beque- coles	1.474,60	1	7
CONSERXE CASAL	1.474,60	1	6
CONSERXE MUSICA	1.474,60	1	4

Reserva de postos para persoas con discapacidade:

CATEGORIA PROFESIONAL	SALARIO BRUTO MENSUAL	Nº TRAB.	Nº MESES
AXUDANTE XARDINEIRO	1.314,49	1	6

A selección deste posto, reservado a persoas cunha discapacidade superior ao 33%, realizarase entre as persoas candidatas que sexan remitidas especificamente para o mesmo pola oficina de emprego.

No caso de que a oficina de emprego non consiga enviar persoas candidatas por non existir persoas con discapacidade inscritas nesta categoría, ou no caso de que ningunha das persoas con discapacidade remitidas consiga superar a proba do proceso selectivo, o posto pasará a cubrirse na convocatoria xeral de postos entre as persoas sen discapacidade remitidas pola oficina.



SEGUNDA: CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario:

- a) Ser persoa desempregada, inscrita como demandante de emprego, e ser remitida pola oficina de emprego de Cangas para o posto de traballo ao que se pretende optar.
- b) Ter nacionalidade española. As persoas nacionais dos demais Estados membros da U.E. e as persoas estranxeiras residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódalas aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- c) Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se opta e non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto.
- e) Non ser persoa separada, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso a persoa en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: SOLICITUDES

As **solicitudes** para tomar parte nesta convocatoria, segundo o modelo Anexo I a estas bases, nas que as persoas aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse á Alcaldesa da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello.

Forma parte da solicitude a declaración xurada contida na mesma de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo e de non ser persoa separada, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso a persoa en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinan as disposicións vixentes. Esta declaración xurada enténdese sen prexuízo de ter que acreditarlo tamén de xeito documental, no caso de que así o solicítase o Tribunal.

As persoas aspirantes deberán achegar, acompañando a solicitude, a seguinte documentación orixinal:



- DNI
- Documento de afiliación á Seguridade Social
- De ser o caso, informe acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero.
- De ser o caso, certificado acreditativo do grao de discapacidade.

O requisito de ser persoa candidata remitida pola oficina de emprego de Cangas será comprobado polo Concello de Moaña mediante a listaxe de persoas candidatas para cada posto de traballo subministrada pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningunha persoa que non figure na citada listaxe.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal de selección estará integrado polas seguintes persoas:

Titulares: Presidenta: María Torea Priegue.
Secretaria: Juana María Rosales Muñoz.
Vogais: Jesús Boubeta García, Juan Luís Piñeiro Pazó, Javier Piñeiro Cancelas, Ángel Paramos Corrales, José Rios Sequeiros, Fernando Álves Malvido e Isabel Labrador Castro.

Suplentes: Presidenta: Carmen Pérez García.
Secretaria: Patricia Lores Rivera.
Vogais: Jesús García Trigo, Jose Luis Solla Riobó, Manuel Ferverza Cerviño, , Juan Antonio Tomé Cruz, José Martínez Santomé, María Carmen Tomé Silva e Maria Luz Miragaya Yanez

O tribunal poderá incorporar aos seus traballos persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

As persoas vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta de incorporación ao programa. Dende o momento en que sexan remitidas pola oficina de emprego consideraranse automaticamente seleccionadas para o posto de traballo ao que opten, sen necesidade de pasar por proceso selectivo. Deberán acreditar a condición de vítimas de violencia de xénero mediante informe do Centro de Información á Muller do Concello de Moaña.

Quedan excluídas desta prioridade as persoas vítimas de violencia de xénero que xa estiveran contratadas polo Concello de Moaña ao amparo do Plan Concellos no exercicio anterior.

O sistema de selección consistirá na realización dunha **proba de carácter práctico**, obrigatoria e **eliminatória**, que versará sobre os coñecementos necesarios e as funcións a desempeñar no posto de traballo. Na realización da proba poderanse acadar un máximo de 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de 5 puntos para que a proba se considere aprobada. Seleccionaranse, de entre as persoas que aproben a proba, aquelas que acaden maior puntuación.



Para o selección dos postos de conserxe, considerarase seleccionada para o contrato de 7 meses de duración a persoa candidata que acade a mellor puntuación, e para o contrato de 6 meses a persoa seguinte con mellor puntuación.

En caso de empate entre as persoas candidatas, decidirase a selección outorgando preferencia aos restantes colectivos prioritarios establecidos nas bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2021 publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de xaneiro de 2021. A orde de preferencia será a seguinte:

- 1º) As persoas candidatas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33%.
- 2º) As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas ou fillos ao seu a cargo
- 3º) As persoas candidatas con niveis de renda máis baixa
- 4º) As persoas candidatas con cargas familiares

No caso de que aplicando os criterios anteriores persistise o empate decidirase a selección outorgando preferencia ás persoas con maior antigüidade como desempregadas e demandantes de emprego, segundo os datos da oficina de emprego.

SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación das persoas aspirantes que obteñan a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

As persoas seleccionadas deberán presentar, previamente á contratación, informe médico conforme non padece enfermidade ou defecto que impida ou dificulte o desenvolvemento das funcións propias do posto ao que opta.

As persoas candidatas que, superando o proceso selectivo, non resulten seleccionadas para a súa contratación, pasarán a formar parte dunha listaxe pola súa orde de puntuación, que será utilizada para novas contratacións e para cubrir as posibles baixas definitivas e as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas candidatas inicialmente seleccionadas e contratadas.

SETIMA: PRAZOS.

Tanto o prazo de presentación de instancias, como os demais prazos do proceso selectivo, para cada un dos postos a contratar, serán aprobados mediante resolución complementaria da alcaldía.



OITAVA: PUBLICIDADE.

Estas bases serán publicadas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Moaña.

NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as bases reguladoras e convocatoria do Plan concellos 2021 publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 4 de xaneiro de 2021, o RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Trballo e Promoción Profesional.

DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

A Administración local tamén poderá, se é o caso, revisar as resolucións do Tribunal segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

As presentes bases foron aprobadas mediante decreto da alcaldía núm 2021-0255 de data 15/03/2021 e posteriormente parcialmente modificadas mediante decreto da alcaldía núm 2021-0307 de data 31/03/2021.



ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS DO PLAN CONCELLOS 2021.

D/Dña. _____ con DNI _____

domicilio en _____ e Tfno. _____

EXPÓN:

1º) Que sendo persoa remitida pola oficina de emprego de Cangas do Morrazo como aspirante ao posto de traballo que a continuación se indica, subvencionado ao Concello de Moaña dentro da Liña 3, emprego, do Plan Concellos 2021, está interesada no citado posto de traballo e reúne tódalas condicións e requisitos esixidos para poder tomar parte no proceso selectivo.

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> LIMPADOR/A | |
| <input type="checkbox"/> CONSERXE. | <input type="checkbox"/> PEÓN/A ESPECIALISTA MEDIOAMB. -FORESTAL |
| <input type="checkbox"/> OFICIAL 1ª FONTANEIRO/A. | <input type="checkbox"/> PEÓN/A MEDIOAMBIENTE-FORESTAL |
| <input type="checkbox"/> OFICIAL DE 1ª ELECTRICISTA | <input type="checkbox"/> PEÓN/A ESPECIALISTA XARDINEIRO/A |
| <input type="checkbox"/> PEÓN/A DE OBRA PÚBLICA | <input type="checkbox"/> AXUDANTE XARDINEIRO/A |

2º) Que DECLARA BAIXO XURAMENTO: Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo citado, que non padece enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes a este posto e que non está separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se atopa inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin está incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinan as disposicións vixentes.

En vista do anterior **SOLICITA:**

Poder participar no proceso de selección de traballadores de cara á ocupación do citado posto de traballo.

Moaña, de de 2021

Asdo.....

ALCALDESA DO CONCELLO DE MOAÑA.



PRAZOS:

Presentación de instancias: Dende a publicación da presente resolución Ata o día 26 de abril de 2021.

Listado provisional de admitidos e excluídos: Día 27 de abril

Período de alegacións: día 28 de abril

Listado definitivo de admitidos e excluídos: Día 29 de abril

Probos prácticas: Levaranse a cabo no lugar, data e horas indicadas na seguinte táboa

CATEGORÍA	DÍA 30 DE ABRIL NA NAVE DE SERVIZOS DO CONCELLO DE MOAÑA SANCHILAN S/N. ABELENDO
OFICIAL 1ª FONTANEIRO/A	Ás 8:30.
OFICIAL 1ª ELECTRICISTA	Ás 9:00.
PEÓN OBRA PUBLICA	- Ás 10:00 candidatos/as que o seu 1º apelido comece polas letras A a K - Ás 10:30 candidatos/as que o seu 1º apelido comece pola letras L a V
CONSERXE	- Ás 11:30 candidatos/as que o seu 1º apelido comece polas letras A a K - Ás 12:00 candidatos/as que o seu 1º apelido comece pola letras L a V

CATEGORÍA	DÍA 3 DE MAIO PATRONATO MUNICIPAL BEIRAMAR. A CARRASQUEIRA S/N. TIRÁN MOAÑA.
PEÓN ESPECIALISTA MEDIOAMBIENTE FORESTAL	Ás 8:30.
PEÓN MEDIOAMBIENTE-FORESTAL	- Ás 9:00 candidatos/as que o seu 1º apelido comece polas letras A a K - Ás 10:00 candidatos/as que o seu 1º apelido comece pola letras L a V
PEÓN ESPECIALISTA XARDINEIRO/A	Ás 11:00.
AXUDANTE XARDINEIRO/A	- Ás 12:00 candidatos/as que o seu 1º apelido comece polas letras A a I - Ás 12:30 candidatos/as que o seu 1º apelido comece polas letras J a P - Ás 13:00 candidatos/as que o seu 1º apelido comece pola letras R a Z

Listaxe de resultados provisionais: Día 4 de maio

Período de alegacións aos resultados provisionais: Día 5 de maio

Listaxe de resultados definitivos: Día 6 de maio.

Prazos aprobados mediante decreto da alcaldía núm. 2021-0344 de data 13/04/2021